

Estudo sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo

Xaneiro-Setembro de 2021

AVANZO DOS RESULTADOS

Novembro de 2021

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Edita:

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey
Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Observatorio de Persoas Tituladas
Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende

Edificio Fundición

36310 Vigo

Tlf: 986 812 192

Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.es

Páxina Web: <http://observatorio.uvigo.gal/>

Este documento é propiedade do Consello Social da Universidade de Vigo.

Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu título e ao Consello Social como editora.

Índice

Introdución	2
1. Datos persoais e académicos	5
1.1 Datos persoais	5
1.2 Datos académicos	7
2. Perfil profesional das persoas tituladas da UVigo	8
2.1 Persoas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021	8
2.2 Persoas que non traballaban a 1 de xaneiro de 2021	8
2.3 Taxa de ocupación	8
2.4 Lugar de traballo	8
2.5 Modalidade de contratación	10
2.6 Tipo de contrato	11
2.6 Rama de actividade	11
2.7 Sector económico	11
2.8 Categoría profesional	11
2.9 Área funcional de traballo/departamento	11
2.10 Tamaño da empresa	11
3. Impacto da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021	12
3.1 Impacto sanitario	12
3.2 Impacto laboral	14
3.2.1 Situación socio-laboral	14
3.2.2 Taxa de ocupación	15
3.2.3 Taxa de desemprego	15
3.3 Impacto no modo de traballo	16
3.3.1 Modalidade de traballo durante o ano 2021	16
3.3.2 Experiencia previa de teletraballo	16
3.3.3 Impacto sobre a carga de traballo	16
4. Fatiga pandémica	17
4.1 Impacto da crise do Coronavirus	17
4.2 Ámbitos de impacto da crise do Coronavirus	17
4.3 Impacto emocional	18
4.4 Preocupación polo contaxio	19
4.5 Custo condutual do cumprimento de medidas durante a pandemia	19
4.6 Problemáticas no ambiente laboral	20
5. Percepción sobre o impacto da pandemia na economía e o retorno á normalidade	21

Introdución

O Observatorio de Persoas Tituladas é un proxecto do Consello Social da UVigo que, desde a súa creación e posta en marcha en 2016¹, realiza un seguimento da inserción laboral dos antigos estudantes da UVigo a partir da análise da súa experiencia académica e profesional. Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a elaboración e realización periódica de estudos e enquisas encamiñadas ao antigo alumnado.

A partir dos máis de 19.000 contactos existentes na Base de Datos² de Persoas Tituladas da UVigo configurada polo Observatorio, entre os meses de maio e xuño de 2020, durante a primeira onda da actual pandemia de Covid-19³ e logo despois do grande confinamento, o Observatorio de Persoas Tituladas realizou a que sería a primeira dunha secuencia de enquisas de inserción laboral a fin de determinar o impacto que estaba a causar a pandemia nas persoas tituladas da UVigo.

Aquel estudo⁴, pioneiro no sistema universitario galego e español, abordaba o impacto da primeira onda da pandemia a partir de tres perspectivas:

- Sanitaria: Porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 na empresa en que traballan ou no seu ambiente laboral
- Socio-laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego das persoas tituladas
- Modo de traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade

Posteriormente, complementando o seguimento da crise do Coronavirus, entre os días 27 de xaneiro e 5 de abril de 2021, o Observatorio aplicou unha nova enquisa para avaliar o impacto laboral da segunda onda da pandemia nas persoas tituladas da UVigo; isto é, entre os meses de setembro e decembro do ano 2020. Nesta ocasión foi abordada de forma particular a implantación do Teletraballo e as incidencias ligadas á xestión dos ERTEs. O Informe Preliminar daquel estudo foi presentado perante o Pleno do Consello Social na súa sesión de 29 de xuño de 2021. Logo da súa elaboración entre os meses de xullo e setembro, o Informe Definitivo, baixo o título *Estudo sobre o impacto da*

¹ Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

² Esta Base de Datos configúrouse a partir da localización e identificación de todas as persoas tituladas da UVigo realizada polo Observatorio e das inscricións voluntarias.

³ Entre os días 26 de maio e 8 de xullo de 2020

⁴ Presentado publicamente o 18 de febreiro de 2021.

segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-Decembro de 2020 foi presentado perante o Presidente do Consello Social o pasado 14 de outubro⁵.

Simultaneamente, segundo o acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social de 19/2/2021 (ratificado polo Pleno do Consello de 24/03/2021), estaba prevista a realización dun novo informe de seguimento do impacto da pandemia durante o ano 2021 que abranxese as ondas sucesivas acontecidas nese ano. Neste sentido, entre setembro e decembro de 2021, o Observatorio de Persoas Tituladas aplicou unha nova enquisa aos antigos estudantes da UVigo a fin de avaliar o impacto da pandemia entre o 1 de xaneiro e 1 de setembro de 2021, período en que decorreron, de forma sucesiva a terceira⁶, cuarta⁷ e quinta⁸ ondas e após o inicio do proceso de vacinación masiva.

Por iso, o Observatorio de Persoas Tituladas, co apoio do Consello Social, presenta o presente Avanzo dos Resultados do *Estudo sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo. Xaneiro-Setembro de 2021*, onde se recollen os resultados globais da enquisa autoaplicada aos antigos estudantes das promocións comprendidas entre 1990 e 2021.

Para alén da referida perspectiva tripla en que é abordado o impacto laboral da pandemia, o cuestionario aplicado incluíu, a pedido dunha parte notábel de suxeitos que participaran no anterior estudo, unha serie de ítems destinados a avaliar a **fatiga pandémica**; isto é, como o estado de ánimo das persoas tituladas se viu afectado polas restricións e situacións creadas pola crise do Coronavirus.

O número de respostas válidas recollidas superou a participación rexistrada na enquisa sobre o impacto da segunda onda da pandemia, realizada no primeiro cuadrimestre deste ano, e que, portanto, non terían mudado a situación profesional de moitos suxeitos. Como en anteriores estudos de seguimento, moitas persoas inquiridas manifestaron nos comentarios deitados na pregunta aberta do cuestionario que terían máis facilidade en responder o formulario proposto se a enquisa fose anónima. Compreendendo esta inquedanza, porén, consoante os fins do Observatorio, a enquisa tiña de ser nominal por unha cuestión de credibilidade e rigorosidade do estudo e para

⁵ No momento da redacción do presente Informe Preliminar áchase en imprenta.

⁶ Entre xaneiro e abril de 2021.

⁷ Entre abril e xuño de 2021.

⁸ Entre xuño e setembro de 2021.

confirmar a participación de antigos estudantes da UVigo e non de persoas alleas á comunidade universitaria.

Neste sentido, no que respecta ao procesamento posterior dos datos, a dirección do Observatorio comprométese a garantir a absoluta confidencialidade, de maneira que durante o tratamento estatístico dos datos, as respostas recollidas na enquisa non serán asociadas cos únicos datos persoais requiridos (nome, apelidos e correo electrónico de contacto).

Este Informe preliminar presenta os principais resultados obtidos na Enquisa sobre o Impacto Laboral das sucesivas ondas da pandemia de Covid-19 producidas durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo.

Ficha técnica

Esta enquisa foi realizada polo Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo entre os días 13 de setembro e 5 de novembro de 2021. O universo albo é composto pola poboación universitaria titulada en estudos de primeiro (diplomaturas e enxeñarías técnicas) e segundo ciclo (licenciaturas e enxeñarías superiores), graos, mestrados universitarios, doutoramento e títulos propios, de todas as promocións e independentemente do lugar de residencia ou de traballo. O cuestionario foi enviado ás persoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio a partir dunha lista de correos electrónicos. A captación de datos realizouse a través dun formulario *on line* aloxado na Web do Observatorio. Os inquiridos foron informados do obxectivo do estudo e demostraron vontade expresa de participar. Foron obtidos 2530 inquéritos válidos. A marxe de erro máxima asociada á mostra obtida é de $\pm 1,914\%$ cun nivel de confianza de 95% ($p=q$).

1. Datos persoais e académicos

1.1 Datos persoais

Xénero: A mostra obtida é maioritariamente feminina (58,8% contra 41,2% de homes).

Lugar de residencia: A maioría de persoas tituladas (79,6%) reside en Galicia, contra outras Comunidade Autónoma (12,5%) e o resto do mundo⁹ (8,0%). A taxa de emigración¹⁰ masculina (22,3%) supera á feminina (19,1%).


Gráfica nº1: Lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo



Residentes en Galicia:

- Provincias: Predomina Pontevedra (64,5%), seguidos por Ourense (17,2%) e A Coruña (14,8%) e, a máis distancia, Lugo (3,5%).

Mapa nº1: Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias




⁹ En 38 países dos cinco continentes.

¹⁰ Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.

Residentes noutras Comunidades Autónomas:

- Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (42,0%) e Cataluña (17,8%), seguidas por Castela e León (7,0%), Andalucía (5,1%), Canarias e Castela-A Mancha (4,8% ambas).


Mapa nº2: Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas




Residentes no resto do mundo:

- Países: Segundo mostran os mapas nº3 (referido a Europa) e 4 (referido ao resto de países do mundo), os países con máis titulados/as da UVigo son Alemaña (16,3%), Reino Unido (15,3%) seguidos, a máis distancia por Portugal (10,9%), Francia (5,4%) e Suíza (4,5%).

Mapa nº3: Persoas tituladas residentes en Europa



Mapa nº4: Persoas tituladas residentes no resto de países do mundo



1.2 Datos académicos

Ámbitos académicos: Predominan as persoas tituladas da rama¹¹ Xurídico-Social (46,2%), seguidas pola Tecnolóxica (27,9%), Científica (10,4%), Artes e Humanidades (9,7%) e das Ciencias da Saúde (4,6%).

Campus: A maioría das persoas tituladas realizaron os seus estudos no Campus de Vigo (62,8%) contra o de Ourense (21,7%) e Pontevedra (15,5%).

Tipo de estudos: Dos titulados/as que responderon a enquisa, o 45,7% realizou unha titulación de ciclo longo¹², 32,3 % de ciclo curto¹³, 10,0% de grao, 6,6% de mestrado universitario e un 4,7% de doutoramento.

Promoción académica: Por quinquenios, o 7,4% da mostra obtida obtivo o seu título entre 1990-95, 15,1% entre 1996-2000, 22,3% entre 2001-05, 23,7% entre 2006-10, 23,8% entre 2011-15 e o 7,8% entre 2016-2021.

¹¹ O 1,2% restante son titulados/as do ámbito Multidisciplinar.

¹² Licenciatura (32,2%) e Enxeñaría Superior (13,6%).

¹³ Diplomatura (22,6%) e Enxeñaría Técnica (9,7%)

2. Perfil profesional das persoas tituladas da UVigo

2.1 Persoas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021

A situación maioritaria en xaneiro de 2021 era a de empregado por conta allea na empresa privada (52,2%), seguido polos que traballaban para a administración pública (28,1%). A máis distancia, achábanse as persoas tituladas emprendedoras, quer como traballadoras autónomas (5,8%), quer como empresarias e/ou titulares dunha empresa (2,4%).

Xénero: É significativa a maior proporción de homes que traballaban por conta allea na empresa privada (59,6% contra 46,9% de mulleres), ben como os que traballaban como empresarios ou titulares dunha empresa (3,9% contra 1,3%). Polo contrario, a presenza feminina é máis frecuente no sector público (32,2% contra 22,2%) e no réxime especial de traballadores autónomos (6,0% contra 5,7%).

2.2 Persoas que non traballaban a 1 de xaneiro de 2021

A situación predominante entre as persoas que non traballaban en xaneiro de 2021 era a de desempregado/a, procurando emprego (6,6%). Do total de persoas tituladas que responderon a enquisa, samente un 1,9% estaba a preparar oposicións, un 1,1% encontrábase a cursar estudos universitarios¹⁴, un 0,6% dedicado ao coidado familiar e un 0,1% en excedencia. Finalmente, os xubilados/pensionistas, representan o 0,7%.

Xénero: As mulleres padecen unha maior taxa de desemprego (7,3% contra 5,7% de homes), ben como, de forma significativa, unha maior proporción de persoas a preparar oposicións (2,4% contra 1,2%) ou a totalidade das dedicadas ao coidado familiar (1,1%). Porén, non é significativa a proporción de persoas tituladas que continúan a cursar estudos universitarios ou en excedencia.

A baixa laboral afecta ao 0,4% das persoas tituladas, sendo superior nas mulleres (0,6%) que nos homes (0,1%).

2.3 Taxa de ocupación

A proporción de persoas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021¹⁵ era do 89,7%.

Xénero: É levemente superior a proporción de homes (92,0%) que de mulleres (88,1%).

Lugar de residencia: A taxa de ocupación en Galicia (89,1%) e no estranxeiro (88,6%) é levemente inferior á rexistrada noutras Comunidades Autónomas (94,3%).

2.4 Lugar de traballo


O 76,5% traballaba en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (15,0%) e no resto do mundo¹⁶ (8,5%). A proporción de mulleres emigradas (19,1%) é inferior á de homes (26,0%).

¹⁴ Predominan as persoas tituladas que están a realizar estudos de doutoramento (55,2%), mestrado (34,5%) e de grao (6,9%).

¹⁵ Data referencia: 1 de xaneiro de 2021.

¹⁶ En 36 países dos cinco continentes.


Gráfica n°2: Lugar de traballo das persoas tituladas da UVigo



Persoas tituladas que traballan en Galicia:

- A maioría traballa en Pontevedra (63,0%), seguido pola Coruña e Ourense (16,7% ambas). En Lugo tan só traballa o 3,6% das persoas inquiridas.


Mapa n°5: Persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias



Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas:

- Destacan a Comunidade de Madrid (46,1%) e Cataluña (17,0%), seguidas por Castela e León (5,4%), Andalucía (4,8%), Asturias e País Basco (4,2% ambas).


Mapa n°6: Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas




Persoas tituladas que traballan no resto do mundo:

- Países: Tal como mostran os mapas nº7 (referido a Europa) e 8 (referido ao resto de países do mundo), segundo o lugar de traballo destacan Alemaña (15,8%) e Reino Unido (15,3%), seguidos por Portugal (12,6%), Francia (6,3%), Suíza (4,2%), Bélxica (3,7%), Estados Unidos da América, Italia e Perú (3,2% cada un).

Mapa nº7: Persoas tituladas que traballan en Europa



Mapa nº8: Persoas tituladas que traballan no resto de países do mundo



2.5 Modalidade de contratación

En xaneiro de 2021, a maioría (90,7%) traballaba por conta allea¹⁷ contra o 9,3% que o facía por conta propia¹⁸.

¹⁷ Empregados/as na empresa privada (52,2%) e empregados/as na administración pública (28,1%).

¹⁸ Traballadores/as autónomos/as (5,8%) e empresarios/as (2,4%).

Xénero: Non existen relacións de dependencia estatística, ao ser semellantes as proporcións de traballo por conta allea de mulleres (91,6%) e homes (89,5%).

2.6 Tipo de contrato

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea predominan contratos indefinidos (77,9%) contra os eventuais (21,9%). Entre os contratos de duración definida predominan os contratos temporais (15,2%), por obra/servizo (5,1%), bolsas (1,1%) e en prácticas (0,5%). Con todo, seguen a existir titulados/as a traballar sen contrato (0,2%).

Xénero: Son estatisticamente significativas as diferenzas nas porcentaxes de contratos indefinidos (82,0% de homes contra 74,9% de mulleres), que se traducen fundamentalmente na maior presenza feminina de contratos eventuais/temporais (17,7% contra 11,7% de homes) e bolsas (1,5% contra 0,5%). No resto de categorías (contratos por obra/servizo e en prácticas) son moi semellantes as proporcións de homes e mulleres.

2.6 Rama de actividade

A maioría traballa na empresa privada (60,9%), seguido polo ámbito público (34,1%) e entidades non lucrativas (5,0%).

2.7 Sector económico

Dos 35 sectores avaliados destacan o ensino/docencia (19,5%), seguido polos servizos da administración pública (9,6%), sanitario/saúde (6,5%), automoción (5,4%), servizos a empresas (4,6%), investigación/actividades científicas (4,5%), telecomunicacións/IT (4,2%) e banca, servizos financeiros e seguros (4,1%).

2.8 Categoría profesional

A maioría traballaba como técnicos/as cualificados (60,8%), mandos intermedios (19,8%), directivos/as (13,5%) e empregados sen cualificación (5,9%).

2.9 Área funcional de traballo/departamento

Das 18 áreas avaliadas, destacan formación e ensino (17,1%), administración e finanzas (12,6%), servizos (8,8%), enxeñaría e construción e I+D+i (7,4% ambos) e sen áreas diferenciadas na empresa (6,8%).

2.10 Tamaño da empresa

Case a metade dos titulados/as (48,0%) traballaba en grandes empresas (36,1% con 1000 ou máis empregados/as e 11,9% de 250 a 1000 empregados/as). A outra metade distribúese entre pequenas empresas¹⁹ (18,1%), medianas empresas²⁰ (17,3%) e microempresas²¹ (11,6%). En menor medida (5,0%) están as empresas individuais (traballadores/as autónomos/as).

¹⁹ De 10 a 49 empregados/as.

²⁰ De 50 a 249 empregados/as.

²¹ De 2 a 9 empregados/as.

3. Impacto da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021

3.1 Impacto sanitario

A maioría de persoas tituladas entrevistadas (68,5%) referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu ambiente de traballo durante o período do ano 2021 avaliado.

Xénero: Non existen diferenzas estatisticamente significativas (69,7% de homes e 67,6% de mulleres).

Lugar de traballo: O impacto sanitario en Galicia (66,6%) foi inferior ao rexistrado noutras Comunidades Autónomas (78,8%) e no estranxeiro (72,7%).


Gráfica nº3: Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021 segundo o lugar de traballo



Persoas tituladas que traballan en Galicia:

Provincias: O impacto foi maior na provincia de Lugo (71,9%), seguida por Ourense (67,9%), Pontevedra (66,3%) e A Coruña (64,9%).


Mapa nº9: Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021 en Galicia



Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas:

O impacto sanitario foi total en Cantabria, Extremadura, A Rioxa e Rexión de Murcia, seguido por Castela e León (94,1%), Andalucía (93,8%), Canarias (88,9%), Castela-A Mancha (81,8%), País Basco (78,6%), Comunidade de Madrid (78,1%) e Cataluña (76,4%).


Mapa nº10: Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021 noutras Comunidades Autónomas



Persoas tituladas que traballan no resto do mundo:


Referiron contaxios, tal como mostran os mapas nº 11 (referido a Europa) e 12 (referido ao resto de países do mundo), a totalidade das persoas que traballan en 15 dos 36 países con presenza de antigos estudantes da UVigo²², seguidos, polos que traballan en Italia e Portugal (83,3% ambos), Reino Unido (79,3%), Francia, Luxemburgo e Suíza (75,0% cada un)

Mapa nº11: Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021 en Europa



²² Andorra, Brasil, Colombia, Costa Rica, Dinamarca, Eslovaquia, Estonia, Finlandia, Indonesia, México, Nicaragua, Perú, Polonia, Suecia e Tailandia.

Mapa nº12: Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021 no resto de países do mundo



Rama de actividade: Houbo máis incidencia no ámbito público (81,0%), seguido polas entidades non lucrativas (68,9%) e a empresa privada (62,2%).

Sector económico: Os máis afectados foron defensa e seguranza (100,0%), aeroespacial (92,3%), sanitario/saúde (86,6%), téxtil e confección (85,7%), farmacéutica (83,3%), ensino/docencia (81,9%), servizos sociais (80,0%), cultura e entretemento (76,5%) e madeira (75,0%).

Tamaño da empresa: O impacto sanitario no ámbito laboral foi maior nas grandes empresas (78,4%), contra o mínimo de 22,7% nos traballadores/as autónomos/as e 39,8% nas microempresas.

3.2 Impacto laboral

3.2.1 Situación socio-laboral

En setembro de 2021, a inmensa maioría (81,6%) seguía no mesmo emprego/actividade que tiña no inicio do ano. Un 3,5% xa estaba desempleado en xaneiro, ao que se suma o 3,2% que perdeu o traballo que tiña. Polo contrario, un 3,8% encontrou emprego e un 4,7% mudou de posto de traballo. Finalmente, un 3,2% seguía na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...).

Cadro nº1: Situación socio-laboral global e por xénero

	Global	Homes	Mulleres
Segue no mesmo emprego	81,6	84,8	79,4
Encontrou emprego	3,8	3,1	4,3
Mudou de emprego	4,7	5,2	4,4
Xa estaba desempleado/a	3,5	2,9	4,0
Perdeu o emprego	3,2	2,0	4,1
Segue na mesma situación	3,2	2,1	3,9

3.2.2 Taxa de ocupación

Durante o período avaliado do ano 2021 a taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo experimentou un incremento do 0,45%, ao pasar dunha taxa de ocupación do 89,7% en xaneiro de 2021 a un 90,1% en setembro de 2021.

Xénero: Mentres que a taxa de ocupación masculina aumentou 1,09%, a taxa feminina caeu un 0,11%.

Cadro nº2: Variación da taxa de ocupación global e por xénero

	Xaneiro 2021	Setembro 2021	Variación
Homes	92,0	93,0	1,09
Mulleres	88,1	88,0	-0,11
GLOBAL	89,7	90,1	0,45

Tipo de estudos: A taxa de ocupación aumentou entre as persoas tituladas en mestrado universitario (4,42%), enxeñeiros/as técnicos/as (4,03%), doutoramento (1,89%) e licenciados/as (0,56%); mantívose nas enxeñarías superiores e diminuíu nos diplomados/as (2,06%) e graduados/as (0,99%).

Cadro nº3: Variación da taxa de ocupación segundo a tipoloxía de estudos

	Xaneiro 2021	Setembro 2021	Variación
Diplomatura	92,1	90,2	-2,06
Doutoramento	90,0	91,7	1,89
Enxeñaría Superior	95,9	95,9	0,00
Enxeñaría Técnica	91,8	95,5	4,03
Grao	81,0	80,2	-0,99
Licenciatura	89,8	90,3	0,56
Mestrado Universitario	81,5	85,1	4,42

Lugar de residencia: A taxa de ocupación aumentou máis no estranxeiro (3,39%) que noutras Comunidades Autónomas (0,95%). En Galicia non se produciron mudanzas.

Cadro nº4: Variación da taxa de ocupación segundo o lugar de residencia

	Xaneiro 2021	Setembro 2021	Variación
Galicia	89,1	89,1	0,00
Outras Comunidades Autónomas	94,3	95,2	+0,95
Resto do mundo	88,6	91,6	+3,39

3.2.3 Taxa de desemprego

Durante o período avaliado do ano 2021 a taxa de desemprego das persoas tituladas da UVigo experimentou un aumento do 3,0%, pasando dun 6,6% en xaneiro de 2021 a un 6,8% en setembro de 2021.

Xénero: Mentres que a taxa de desemprego masculina diminuíu un 14,0%, a feminina viuse incrementada un 11,0%.

Cadro nº5: Variación da taxa de desemprego global e por xénero

	Xaneiro 2021	Setembro 2021	Variación
Homes	5,7	4,9	-14,0
Mulleres	7,3	8,1	+11,0
GLOBAL	6,6	6,8	+3,0

- Causas do desemprego²³ : As principais causas referidas polos que perderon o seu emprego foron a finalización de contrato (63,3%), seguida polos despedimentos (24,5%), suspensión da actividade profesional (6,1%), peche do negocio propio (4,1%) e por ter pasado a ERE o ERTE (2,0%).
- Recuperación do emprego: A maioría (59,1%) non espera recuperar o emprego perdido durante o ano 2021.
- Percepción de axudas por suspensión de actividade/peche de negocio: Case a metade (48,5%) das persoas afectadas por esta situación recibiu algunha axuda pública destinada a este colectivo.
- Procura de emprego: A maioría (75,6%) das persoas desempregadas procuraron emprego entre os meses de xaneiro e setembro de 2021.

3.3 Impacto no modo de traballo

3.3.1 Modalidade de traballo durante o ano 2021

A porcentaxe de persoas tituladas empregadas que traballaron no seu lugar habitual (ben con “normalidade” ou con restricións) ascendeu ao 42,6%, ficando 7,8 puntos porcentuais abaixo dos que teletraballaron ou fixeron traballo remoto de forma parcial (26,0%) ou total (24,4%). As persoas inquiridas que afirman estaren incluídas en ERTE (ou figura similar no estranxeiro) representan o 3,5% de todos os empregados/as.

Os empregados/as que atravesaron este período en casa sen traballar por estaren de baixa (1,1%), en excedencia (0,1%), en casa sen teletraballar (0,8%) ou teren suspendido temporalmente a súa actividade económica debido ás restricións (1,5%), alcanzou o 3,5%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballaron durante o ano 2021, o grupo maioritario (50,4%) estivo formado polos que teletraballaron parcial ou totalmente, seguidos polos traballaron no seu lugar habitual (42,6%). Un 3,5% estivo en ERTE e outro 3,5% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

Xénero: Teletraballaron máis os homes (54,8%) que as mulleres (47,2%), quer de forma completa (26,1% contra 23,1%), quer de forma parcial (28,6% contra 24,1%).

3.3.2 Experiencia previa de teletraballo

Entre as persoas que teletraballaron total ou parcialmente durante o ano 2021 de pandemia, a maioría (69,0%) teletraballara antes: o 37,4% durante a primeira onda da pandemia (entre marzo e xuño de 2020), o 3,0% durante a segunda onda (entre setembro e decembro de 2020) e o 28,6% antes da aparición da pandemia. Un 31,0% das persoas inquiridas teletraballou pola primeira vez durante o ano 2021.

Xénero: Non existen diferenzas estatisticamente significativas de experiencia previa de homes (71,0%) e mulleres (67,2%).

3.3.3 Impacto sobre a carga de traballo

Durante o ano 2021 case a metade de persoas tituladas (48,6%) viu aumentada a súa carga de traballo contra un 10,3% que referiu ter diminuído. Para o 41,1% restante o volume de traballo permaneceu inalterado.

Xénero: A maioría de mulleres referiu un aumento da súa carga de traballo (52,4% contra 43,5% de homes).

²³ Persoas tituladas da UVigo que perderon o emprego durante o período de 2021 avaliado.

4. Fatiga pandémica


A pedido dunha parcela notábel de persoas tituladas que participaron no estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia, o formulario aplicado neste informe de seguimento da pandemia de Covid-19 incluíu unha serie de preguntas destinadas a valorar a fatiga pandémica; isto é, a como o estado de ánimo dos antigos estudantes da UVigo se viu afectado polas circunstancias derivadas da crise sanitaria, social e económica ligada á propagación do Coronavirus.

O concepto de fatiga pandémica foi definido pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como a desmotivación para seguir as recomendacións de protección e prevención durante un tempo prolongado. Este cansazo é preocupante, especialmente na medida en que poda derivar nunha maior propagación do virus se a poboación relaxar as condutas de protección.

4.1 Impacto da crise do Coronavirus

En termos xerais, un 42,5% das persoas tituladas recoñeceu sentirse afectada pola crise do Coronavirus: un 11,2% moi afectado e ao outro 31,3% afectoulle bastante. Case unha cuarta parte das persoas inquiridas (24,3%) declararon estar pouco ou nada afectados.

Gráfica nº4: Impacto xeral da crise do Coronavirus




4.2 Ámbitos de impacto da crise do Coronavirus

Inquiridos²⁴ polos aspectos en que se viron máis afectados en consecuencia da crise do Coronavirus, a inmensa maioría (77,8%) referiu implicacións emocionais. A máis distancia, a situación creada pola pandemia resentiu os aspectos laborais (45,2%) e, logo a seguir, de saúde e atención sanitaria (38,5%).

²⁴ Somente os suxeitos que referiron algún grao de incidencia na pregunta avaliada no apartado anterior.

Gráfica nº5: Aspectos do impacto da crise do Coronavirus




4.3 Impacto emocional

Independentemente da resposta dada na cuestión anterior, o cuestionario aplicado inquiriu sobre o grao de incidencia xeral no estado de ánimo das persoas tituladas en consecuencia da situación creada pola pandemia; isto é, á situación creada polo risco de contaxio, as restricións, o uso de máscara, o distanciamento social, toque de recoller obrigatorio, a situación laboral e condicións de traballo...

A situación creada pola pandemia afectou ao estado de ánimo do 40,9% das persoas tituladas inquiridas (10,0% delas dunha maneira aguda) contra un 19,5% que, polo contrario, referiu terse visto pouco ou nada afectado.


Gráfica nº6: Impacto da pandemia no estado de ánimo xeral



4.4 Preocupación polo contaxio

Un 45,9% das persoas tituladas expresaron un alto grao de preocupación pola posibilidade de contaxio: a un 16,8% preocúpalle moito e a outro 29,1% bastante. Polo contrario, un 23,5% declarou estar pouco ou nada preocupado por esta cuestión.


Gráfica nº7: Preocupación polo contaxio



4.5 Custo condutual do cumprimento de medidas durante a pandemia

Inquiridos polo custo persoal que supuxo acatar as medidas adoptadas para evitar os contaxios, os resultados obtidos apontan que á maioría non lle custou "nada" ou "pouco" cumprir coa cuarentena por contacto directo cun positivo (69,7%), limitacións de horario e/ou peche de bares e restaurantes (50,9%) e o toque de recoller nocturno (50,8%). Polo contrario, supuxeron maior custo condutual²⁵ as restricións á mobilidade (57,2%), a limitación do número de persoas en reunións familiares/amigos (57,1%), seguidas, a máis distancia polo uso de máscara en recintos pechados e/ou no centro de traballo (46,0%), uso da máscara na rúa e espazos públicos (42,1%) e o peche de parques, xardíns e espazos deportivos (40,7%).

Gráfica nº8: Custo condutual coas restricións durante a pandemia



²⁵ Suma de "moito" e "bastante" custo persoal.


4.6 Problemáticas no ambiente laboral

As persoas tituladas que traballaban en setembro de 2021 foron inquiridas pola frecuencia en que se deron determinados problemas no ambiente de traballo provocados pola pandemia e as situacións de confinamento nos últimos meses.

Ningunha das problemáticas formuladas afectou de forma maioritaria ás persoas tituladas, sendo máis frecuentes as sensacións de temor a ser contaxiado/a no posto de traballo apesar das medidas de prevención tomadas (25,5%), ou de non poder realizar ben o traballo debido ás incertezas producidas pola pandemia (21,0%).

Menos frecuentes foron as dificultades derivadas de compatibilizar o traballo en casa (teletraballo) con menores ou persoas dependentes a cargo (16,5%), a aparición de dificultades no traballo (16,2%) derivadas dos desprazamentos, mudanzas de horarios ou nas funcións a desempeñar, problemas con compañeiros ou superiores, problemas con clientes... e, finalmente, a existencia de perspectivas negativas no curto prazo (13,7%) sobre as repercusións da pandemia no posto de traballo (renovación de contrato, redución de xornada, baixada salarial...).

Gráfica nº9: Problemas no ambiente de traballo provocados pola pandemia e as situacións de confinamento



5. Percepción sobre o impacto da pandemia na economía e o retorno á normalidade

As persoas tituladas que participaron neste estudo foron inquiridas sobre o impacto que a crise económica provocada pola pandemia causou na súa economía persoal e doméstica durante o ano 2021, ben como as súas expectativas de melloría da situación da economía doméstica e o retorno á normalidade pre-pandémica.


- A maioría (72,6%) afirmou que a súa economía persoal non se viu alterada durante o ano 2021. Mentres que para un 15,8% diminuíron os seus ingresos persoais, para o 11,7% víronse incrementados.
- Aínda que unha maioría do 69,1% dos inquiridos/a afirma que a situación económica do seu fogar non se viu alterada durante o ano 2021, un 20,8% declarou que empeorou contra o 10,1% que viron incrementados os seus ingresos.

Gráfica nº10: Impacto nos ingresos durante o ano 2021



- A metade de persoas inquiridas acha que a situación económica do seu fogar non vai mellorar nos próximos meses contra o 23,7% que encara positivamente o seu futuro económico inmediato.

Gráfica nº11: Perspectivas sobre a evolución da economía doméstica no curto prazo



- As persoas tituladas foron inquiridas sobre as súas expectativas relativas a poder facer todo o que se facía antes da pandemia (a chamada “vella normalidade”) logo de completado o proceso de vacinación masiva e alcanzada a inmunidade de grupo contra a Covid-19. Así sendo, unha apertada maioría (50,2%) mostrouse escéptica perante esta eventualidade, pois descarta o retorno ás condicións pre-pandemia de forma inmediata (36,5%) ou definitiva (13,7%). Polo contrario, máis dunha cuarta parte (26,2%) acha que se poderá voltar a facer todo o que facía antes da pandemia. Finalmente, case outra cuarta parte das persoas inquiridas (23,6%) preferiu non tomar partido.

Gráfica nº12: Perspectivas sobre o retorno á vella normalidade

